



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Recursos Humanos

*Anuncio bases e convocatoria para contratación de persoal laboral temporal no marco do programa de integración laboral (PEL-Concellos)*

##### Anuncio

O día 14/06/2022 por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi apróbanse as bases reguladoras do proceso de contratación de persoal laboral temporal no marco do programa de integración laboral da Deputación da Coruña e que son as seguintes:

**“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO MARCO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, ANUALIDADE 2022 (PEL-CONCELLOS): 2 PRAZAS DE CONDUTOR-TRACTORISTA E 4 PRAZAS DE OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS**

##### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

*O Concello de Ferrol convoca probas selectivas, polo procedemento de concurso-oposición en quenda libre, para a dotación dunha brigada de 6 traballadores para reforzar o mantemento das infraestruturas municipais (limpeza e roza de vías e gabias) así como para a conservación e mantemento de vías e prazas públicas de titularidade municipal.*

*As prazas a prover son **2 prazas de condutor-tractorista e 4 prazas de oficial de obras e servizos**, con carácter de persoal laboral temporal mediante contrato de duración determinada na modalidade de circunstancias da produción, ao abeiro do Programa de Integración Laboral da Excm. Deputación Provincial da Coruña (Resolución número 2022/12578, do 10 de marzo, pola que se aproba a concesión das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022 (PEL-CONCELLOS) -BOP nº 50 do 15/03/2022)-.*

PROGRAMA PEL CONCELLOS 2022

Expediente: 2022000009921

Programa de Integración Laboral

*Dotación dunha brigada de 6 traballadores para reforzar o mantemento das infraestruturas municipais (limpeza e roza de vías e gabias) así como para a conservación e mantemento de vías e prazas públicas de titularidade municipal.*

*A duración do contrato será dende a súa sinatura ata como máximo o 31/12/2022, tendo en todo caso unha duración máxima de 6 meses. A contratación efectuarase a xornada completa. As retribucións serán as fixadas para os postos de similares características na Relación de Postos de Traballo do Concello. Os servizos prestaranse en horario de mañá ou de tarde, segundo as necesidades e organización do servizo.*

*Os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba .*

##### **SEGUNDA.- REQUISITOS**

*Para tomar parte no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir, na data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:*

*1) Posuír nacionalidade española ou a de calquera outro estado membro de Unión Europea, ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.*

*Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe do/as españois e do/as nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que nos estean separados de dereito e os seus descendentes e os do/a seu/súa cónxuxe sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.*

*2) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.*

3) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias das prazas convocadas.

4) Estar en posesión da seguinte titulación: título de graduado/a en ESO ou equivalente

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación.

5) Non estar separado/a nin despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

6) Estar en posesión do carné conducir B.

7) Estar en situación de desemprego, circunstancia que deberán xustificar coa solicitude e antes da súa contratación laboral.

8) Estar incluído nalgunha das situacións de exclusión laboral (ao abeiro da Base 4.2 do Programa de Integración Laboral aprobado pola Deputación Provincial da Coruña):

a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

b) Maiores de 45 anos.

c) Persoas desempregadas de longa duración. Para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.

d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.

e) Persoas en situación de drogodependencia.

f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.

g) Persoas con fogar monoparental.

h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

i) Persoas vítimas de violencia de xénero.

j) Persoas sen fogar.

O persoal aspirante quedará vinculado aos datos que consten na súa solicitude. Unicamente poderán modificalos dentro do período de presentación de instancias. As situacións de exclusión laboral, acreditaranse cos seguintes documentos:

#### Situación de exclusión laboral

Mulleres e persoas maiores de 45 anos

Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven un ano inscritas como demandantes de emprego)

Persoas con discapacidade

Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero

#### Documentos a achegar

Fotocopia do DNI

Certificado ou informe de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego

Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33% expedido pola administración competente e vixente na data da publicación da convocatoria

Informe dos servizos sociais municipais

### TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas, dirixidas ao señor Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de 5 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e destas bases na BOP.

As solicitudes para tomar parte na convocatoria deberán cumprimentarse segundo o modelo oficial que se anexa a estas bases (anexo II).

As persoas participantes farán constar os seus datos persoais e deberán manifestar, expresamente, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na BASE SEGUNDA na data de remate do prazo de presentación.

As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas. Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Achegarase á solicitude:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- Copia da titulación esixida. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentar a correspondente homologación.
- Copia do carné de conducir tipo B.
- Copia do certificado de galego Celga III, ou acreditación do coñecemento da lingua galega equivalente, aos efectos da exención de realización da proba de galego.
- Certificado do SEPE de estar en situación de desemprego.
- Xustificación documental da acreditación da situación de exclusión laboral, conforme ao sinalado na base SEGUNDA.
- Relación de méritos alegados acompañada dos xustificantes acreditativos destes sin necesidade de compulsa; bastará a declaración responsable do/a interesado/a sobre a súa autenticidade, sin prexuízo de que, en calquera momento, o tribunal cualificador poda requirir que acredite a súa veracidade.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

#### **CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo de 5 días hábiles, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de 3 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

#### **QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

A designación dos membros do Tribunal farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a lista definitiva de admitidas e excluídas, que fixará tamén a data e a hora na que deberá constituírse o tribunal e dar comezo as probas selectivas.

O Tribunal cualificador estará composto por un/unha Presidente/a, un/unha Secretario/a e catro vogais. Os seus membros deberán posuír titulación de igual nivel ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas e ser funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo.

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 24 da mesma lei.

Non poderán formar parte dos órganos de selección aqueles funcionarios que realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que podan presentarse e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en aqueles aspectos non previstos nestas bases, así como para dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

**SEXTA. - DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO**

O lugar, data e hora do comenzo da celebración do primeiro exercicio das probas selectivas darase a coñecer xunto coa publicación das listas de admitidos e excluídos, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídas da oposición as que non compareceran, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal.

A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabética e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "T", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro).

As e os aspirantes terán que presentarse para a realización de cada exercicio provistas/os do orixinal do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea, así como dos medios materiais esixidos para a práctica dos exercicios na convocatoria ou polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirirle aos aspirantes que acrediten a súa identidade.

**SÉTIMA.- PROCESO SELECTIVO****a) 2 PRAZAS DE CONDUTOR-TRACTORISTA**

a.1.- O proceso selectivo axustarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Constará de dúas fases:

- Concurso: 4 puntos

- Oposición: 6 puntos

a.2.- FASE DE CONCURSO (máximo 4 puntos)

a) Experiencia profesional:

-Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo de condutor-tractorista: 0,05 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 2,5 puntos.

A experiencia acreditarase mediante contratos de traballo e vida laboral, ou ben mediante certificado de servizos prestados, no caso de Administración Públicas.

A puntuación máxima outorgable polo concepto "Experiencia profesional" será de 2,5 puntos.

b) Formación:

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas e relacionados co posto de traballo, ata un máximo de 0,5 puntos:

- Cursos de máis de 100 h: 0,5 puntos

- Cursos de 50 a 100 h: 0,4 puntos.

- Cursos ata 15 h: 0,25 puntos.

- Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos.

A puntuación máxima outorgable polo concepto "Formación" será de 0,5 puntos.

c) Carné de conducir C:

Por estar en posesión do carné de conducir C: 1 punto.

a.3.- FASE DE OPOSICIÓN (máximo 6 puntos)

Consistirá na realización de 2 probas de carácter eliminatorio e unha proba de coñecemento de lingua galega - da que quedarán exentas as persoas participantes que acrediten estar en posesión do certificado de galego CELGA III e que se cualificará como apto/non apto.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI e bolígrafo e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da selección os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal. Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a das opositoras, membros do Órgano de selección e os colaboradores designados por este Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

**Desenvolvemento da oposición:** Constará de 2 exercicios eliminatorios.

**1º exercicio:** Cuestionario tipo test de 20 preguntas, e 3 de reserva, con tres respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo I. A duración máxima de esta proba será de 30 minutos.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de 0 a 3 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 1,5 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio. Cada resposta correcta puntuará 0,15 puntos. As preguntas erradas e non contestadas nin suman nin restan puntuación.

**2º exercicio:** O segundo exercicio, igualmente de carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá na realización dunha proba práctica de manexo de tractor con brazo desbrozador. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 30 minutos.

O exercicio será cualificado de 0 a 3 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 1,5 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio. Corresponderá ao Tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos necesarios para acadar a nota mínima. As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes serán as medias aritméticas das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

**3º exercicio:** coñecemento da lingua galega consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatorio a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditaran no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de coñecemento da lingua establecido na base 3ª.

Se o Órgano de selección, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á realización dun exercicio, anulase algunha/s das preguntas incluídas nel, anunciarao publicamente no taboleiro de anuncios do Concello. Contra tal acordo poderá interperse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 121 da Lei 39/2015.

O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte da fase de oposición será de 48 horas.

A cualificación final será a suma total das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da maior puntuación obtida na fase de oposición. No caso de persistir, dirimirase a favor da maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional da fase concurso; de seguir persistindo o empate, dirimirase a favor da maior puntuación obtida no apartado de formación da fase concurso; de seguir persistindo o empate, decidirse por orde alfabético do primeiro apelido e, no seu caso, do segundo, tomando como referencia a letra "T", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro).

#### **b) 4 PRAZAS DE OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS**

b.1.- O proceso selectivo axustarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Constará de dúas fases:

- Concurso: 4 puntos
- Oposición: 6 puntos

##### a.2.- FASE DE CONCURSO (máximo 4 puntos)

###### a) Experiencia profesional:

-Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo de oficial de obras e/ou servizos: 0,05 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia acreditarase mediante contratos de traballo e vida laboral, ou ben mediante certificado de servizos prestados, no caso de Administración Públicas.

A puntuación máxima outorgante polo concepto "Experiencia profesional" será de 3 puntos.

###### b) Formación:

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas e relacionados co posto de traballo, ata un máximo de 1 punto:

- Cursos de máis de 100 h: 1 punto.
- Cursos de 50 a 100 h: 0,75 puntos.
- Cursos de 16 a 49 h: 0,50 puntos.
- Cursos ata 15 h: 0,25 puntos.
- Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos.

A puntuación máxima outorgable polo concepto "Formación" será de 1 punto

### a.3.- FASE DE OPOSICIÓN (máximo 6 puntos)

Consistirá na realización de 2 probas de carácter eliminatorio e unha proba de coñecemento de lingua galega - da que quedarán exentas as persoas participantes que acrediten estar en posesión do certificado de galego CELGA III e que se cualificará como apto/non apto.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI e bolígrafo e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da selección os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal. Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a das opositoras, membros do Órgano de selección e os colaboradores designados por este Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

**Desenvolvemento da oposición:** Constará de 2 exercicios eliminatorios.

**1º exercicio:** Cuestionario tipo test de 20 preguntas, e 3 de reserva, con tres respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo I. A duración máxima de esta proba será de 30 minutos.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de 0 a 3 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 1,5 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio. Cada resposta correcta puntuará 0,15 puntos. As preguntas erradas e non contestadas nin suman nin restan puntuación.

**2º exercicio:** O segundo exercicio, igualmente de carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá na realización dunha ou varias probas de carácter práctico. O exercicio será cualificado de 0 a 3 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 1,5 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio. Corresponderá ao Tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos necesarios para acadar a nota mínima. As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes serán as medias aritméticas das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

Consistirá en desenvolver unha ou varias proba de tipo práctico, relacionada co contido funcional e tarefas propios do posto de traballo e que se corresponderá, a súa vez, coas materias comprendidas no temario que figura no ANEXO I.

Por parte do tribunal formularanse supostos que impliquen un desenvolvemento material das habilidades operativas, destrezas e/ou coñecementos requiridos.

O contido da dita proba será determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 30 minutos.

**3º exercicio:** coñecemento da lingua galega consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatorio a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de coñecemento da lingua establecido na base 3ª.

Se o Órgano de selección, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á realización dun exercicio, anulase algunha/s das preguntas incluídas nel, anunciarao publicamente no taboleiro de anuncios do Concello. Contra tal acordo poderá interperse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 121 da Lei 39/2015.

O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte da fase de oposición será de 48 horas.

A cualificación final será a suma total das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da maior puntuación obtida na fase de oposición. No caso de persistir, dirimirase a favor da maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional da fase concurso; de seguir persistindo o empate, dirimirase a favor da maior puntuación obtida no apartado de formación da fase concurso; de seguir persistindo o empate, decidirse por orde alfabético do primeiro apelido e, no seu caso, do segundo, tomando como referencia a letra "T", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro).

### OITAVA.- RESULTADO DA SELECCIÓN

O Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación e no seu caso na páxina web municipal [www.ferrol.gal](http://www.ferrol.gal) no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta de contratación laboral temporal a favor dos aspirantes posuídores das puntuacións máis altas, xunto coa acta da sesión.

As persoas aspirantes que superen as probas pero non figuren incluídas na proposta de contratación laboral temporal formarán parte dunha listaxe de reserva para os efectos de cubrir posibles renuncias ou incidencias que puideran xurdir durante o período ao cal afecta a mesma. É condición inescusable para a pertenza á devandita lista o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base segunda.

Os chamamentos que se fagan ás persoas desta lista seguirán a orde rigorosa de puntuación. Realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección facilitados no momento da presentación de instancias. As persoas integrantes da bolsa deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera modificación dos datos de contacto indicados ao efecto.

Levarase a cabo un máximo de dúas chamadas telefónicas ao longo de unha mesma xornada laboral (entendida dende as 9:00 ás 14:00 horas) e cun intervalo mínimo de unha hora. No caso de non terse producido resposta, remitirase un correo electrónico (dentro da mesma xornada). Darase un prazo máximo de 24 horas (contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou non, a oferta realizada.

#### **NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

As persoas aspirantes propostas presentarán, no prazo de tres (3) días hábiles contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª desta convocatoria:

-Declaración responsable de non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

- Declaración responsable de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

-Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentara a documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non poderá ser contratada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade; neste caso, efectuarse requirimento de documentación á persoa aspirante que corresponda por orde de puntuación.

#### **DÉCIMA.- CONTRATACIÓN**

O contrato de duración determinada por circunstancias da produción formalizarase no prazo máximo de dous (2) días hábiles a partir da data de notificación da resolución pola que se acorde a contratación laboral temporal.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- NORMAS FINAIS**

Primeira.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos só a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e da páxina WEB municipal.

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

### **ANEXO I**

#### **TEMARIO 2 PRAZAS CONDUTOR-TRACTORISTA**

1. Constitución Española: Estructura, TÍTULO PRELIMINAR e TÍTULO I: Capítulos I e II.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do estatuto de Autonomía de Galicia: Estructura e articulado.
3. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: TÍTULO I: Disposicións Xerais. TÍTULO II: O municipio.
4. Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. TÍTULO II: As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega.
5. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. TÍTULO VI: Dereitos e deberes individuais dos empregados públicos.
6. Prevención de riscos laborais. Medidas preventivas e de protección: inspeccións e verificacións obrigatorias, mantemento preventivo, elementos e sistemas de seguridade asociados á máquina, equipos de protección individual e colectiva.
7. Coñecemento detallado do termo municipal de Ferrol. Paraxes, lugares e parroquias rurais.
8. O tractor: equipo, materiais e apeiros. Coñecemento xeral da máquina. Sistemas de protección antivuelco. Principais implementos axustados ao tractor. Outros vehículos e maquinaria de obras públicas, en especial: motoniveladora, camións, rulo compactador.

9. *Funcións e labores do traballo de tractorista no exercicio de traballos de obra pública e agrícolas.*
10. *Mantemento e posta a punto do tractor, do equipo e da maquinaria asociada. Revisións ITV e outros controis.*
11. *Coñecementos básicos de mecánica. Reparacións máis frecuentes. Reparacións sen especial dificultade técnica.*
12. *Aptitudes físicas e psíquicas do condutor. Factores que inflúen na capacidade do condutor: fatiga, soño, tensión, tabaco, alcol, medicamentos, estupefacientes e substancias psicotrópicas.*
13. *Prevención de incendios no medio rural. Actuación persoal en caso de incendio. Preservación do medio ambiente no uso de tractores, vehículos e maquinaria de obras públicas, e equipos de tracción. Emisión de contaminantes.*
14. *Sinalización de obras, obstáculos ou perigos. Sinalización viaria. Outras obrigacións. Accidentes: clases. Comportamento en caso de accidente.*
15. *A roza forestal. Obxectivos. Beneficios. Tarefas básicas. Tarefas complementarias ás rozas forestais: Clareos e podas. Tipos de roza forestal. Maquinaria e ferramentas.*
16. *A rozadora. Relación entre o elemento de corte e o traballo a realizar.*
17. *Técnicas de roza e/ou trituración de plantas arbustivas.*
18. *Comprobación do estado dos elementos de seguridade da rozadora. Dispositivos de seguridade: sistema antivibración, bloqueador de aceleración, sistema antichispas, dispositivo de apagado facilmente accesible.*
19. *Gasolina e aceites para a rozadora: tipos. Proporcións.*
20. *Mantemento e posta en marcha da rozadora. Mantemento e reparación de pequenas avarías.*

#### **TEMARIO 4 PRAZAS DE OFICIAL**

1. *Constitución Española: Estrutura, TÍTULO PRELIMINAR e TÍTULO I: Capítulos I e II.*
1. *Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura e articulado.*
2. *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: TÍTULO I: Disposicións Xerais. TÍTULO II: O municipio.*
3. *Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. TÍTULO II: As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega.*
4. *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. TÍTULO VI: Dereitos e deberes individuais dos empregados públicos.*
5. *Prevención de riscos laborais. Seguridade, saúde laboral e hixiene no traballo. Protección. Sinalización. Traballos con fibrocemento. Actuacións en situación de Emerxencia.*
6. *Conceptos xerais de xardinería e sistemas de rego. Maquinaria e ferramentas. Traballos básicos de xardinería e pequenas reparacións.*
7. *Fontanería. Coñecemento e uso de materiais, maquinaria e traballos frecuentes.*
8. *Fontanería. Instalacións ACS: Elementos, características e mantemento.*
9. *Almacén. Regulamento de almacenamento de produtos químicos. Instrución técnica complementaria MIE APQ-10.*
10. *Carretilla elevadora. Almacenamento andeis metálicos.*
11. *Albanelaría. Coñecemento e uso de materiais, maquinaria e traballos frecuentes.*
12. *Sinalización e balizamento de obras públicas. Principios Básicos de sinalización de obras. Elementos de sinalización, balizamento e defensa.*
13. *Pintura. Coñecemento e uso de materiais, maquinaria e traballos frecuentes.*
14. *Medicións/planos. Instrumentación de medida e trazado. Planos.*
15. *Conceptos xerais de electricidade. Materiais e ferramentas. Instalacións básicas interiores de baixa tensión. Cadros de distribución.*
16. *Instalacións eléctricas en locais de características especiais: Locais de pública concorrencia e espazos húmidos. Reparacións habituais nas luminarias das vías públicas e nos edificios municipais.*
17. *Mobiliario urbano, medidas de ancoraxe, revisión e mantemento.*
18. *Montaxes e desmontes de mobiliario de salas e postos de traballo. Traslado de material e mobiliario.*
19. *O municipio de Ferrol: organismos oficiais, rúas, prazas, parroquias rurais, barrios e vías públicas. Servizos e dependencias municipais: localización e servizos que nelas se desenvolven .*



**ANEXO II - MODELO DE INSTANCIA****Don/ a****DNI:****Correo electrónico:****Enderezo notificación:****Código Postal:****Concello:****Provincia:****Teléfono:****Solicitado:** *Participar no proceso selectivo para prover con carácter de persoal laboral temporal**(Marcar cun "X" o proceso ao que se opta)* **2 PRAZAS DE CONDUTOR-TRACTORISTA** **4 PRAZAS DE OFICIAL***Para o que achego a seguinte documentación:*

- *Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.*
- *Copia da titulación requirida para o acceso ao posto.*
- *Copia do carné de conducir tipo B.*
- *Copia do certificado de galego CELGA III, aos efectos da exención de realización da proba de galego.*
- *Certificado do SEPE de estar en situación de desemprego.*
- *Xustificación documental da acreditación da situación de exclusión laboral.*

**Situación de exclusión laboral***Mulleres e persoas maiores de 45 anos**Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven un ano inscritas como demandantes de emprego)**Persoas con discapacidade**Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ningún teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero***Documentos a achegar***Fotocopia do DNI**Certificado ou informe de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego**Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33% expedido pola administración competente e vixente na data da publicación da convocatoria**Informe dos servizos sociais municipais*

- *As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas. Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.*

- *Relación de méritos alegados acompañada dos xustificantes acreditativos destes:*

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.

Ferrol, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

**DECLARO RESPONSABLEMENTE**

- 1) Que acepto e acato todas e cada unha das bases da convocatoria.
- 2) Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas na BASE SEGUNDA na data de remate do prazo de presentación.
- 3) Que os datos contidos na documentación entregada para participar no proceso selectivo son veraces.

(sinatura)”

**Segundo.-** Convocar o proceso selectivo mencionado con suxeición ás bases transcritas.

**Terceiro.-** Publicar o texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello ([www.ferrol.es](http://www.ferrol.es)).“

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 14 de xuño de 2022

A concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi

María Teresa Deus Trasobares

2022/3642